



AS GALOCHAS BALEIRAS

Carlos Alba
presenta:

dirección: Alexander Curcio
Espectáculo para todos os públicos

www.cafem.com



AS GALOCHAS BALEIRAS

de Carlos Alba

(www.cellero.com / carlosalbadistribucion@gmail.com)

Equipo artístico:

Autor: *Carlos Alba* (a partir dun poema de Miguel Hernández)

Interpretación: *Carlos Alba “Cellero”*

Dirección escénica: *Alexander Curcic*

Monicreques: *Olga Zeceva Curcic*

Iluminación: *Rafa Echevez*

Guitarra barroca: *Noemí G. Sagüillo*

Vestuario: *Nati García y Olga Zeceva Curcic*

Diseño de cartel e programas: *Goyo Rodríguez*

Equipo técnico:

Realizacións de escenografía: *Olga Churchic (Taller de Teatro Plus), Vanessa Peña y Goyo Rodríguez /*

Luthier: *Carlos Ardura*

Vídeo: *Omar Tuero / Fotografía: René Estébanez*

Asesoramiento Pedagógico: *Vanessa Peña*

Contratación: T. 625185446 (Lidia López) / 699459850 (Carlos Alba)

Data e lugar de estrea: *Teatro de El Entrego, 24 de outubro de 2018*

Duración: 45 minutos

Público preferente: familiar (a partir de 5 anos)

Medidas mínimas do escenario: 7 de ancho x 5 de fondo

OBRA FINALISTA DOS PREMIOS OH DAS ARTES ESCÉNICAS DO PRINCIPADO DE ASTURIAS 2019
EN DÚAS CATEGORÍAS: MELLOR OBRA PÚBLICO FAMILIAR E MELLOR INTERPRETACIÓN MASCULINA

Vídeo a tres cámaras (en castelán): <https://youtu.be/RthmSDUJD8I>

A unha cámara: <https://youtu.be/JZuErSQaZyM>

Vídeo de Carlos Alba actuando en galego (“As miserias de Lázaro de Tormes”):

<https://www.youtube.com/watch?v=MUI1ZuLrQTo&t=3045s>

Unha emocionante fábula interpretada por un xogador que emprega monicreques, a música e a palabra poética para que emprendamos, con el e co neno Miguelín, unha “longa viaxe cara ao Oriente”

SINOPSIS

Andando nas súas aventuras polo mundo, un xograr atópase con Miguelín, neno pastor a quen este ano non lle deixaron nada os reis meigos. Daquela ambos os dous deciden emprender unha longa viaxe cara ao Oriente. Alí descubren que Gaspar, Melchor e Baltasar foron secuestrados polo Señor da Guerra, e xuntos han a ter que los ceibar. Unha historia con sorprendentes monicreques, seres maravillosos e música en directo.

El xograr, a música y os monicreques

“As galochas baleiras” é un espectáculo unipersonal interpretado por un actor especialista neste tipo de traballos, que ademais é o autor da adaptación. A idea fundamental é afondar no labor do “xograr” como un actor “total”, un actor que é ademais narrador, músico e manipulador de monicreques. Como din César Oliva e Torres Monreal: “En realidade, el juglar solía constituir todo un hombre-espectáculo en la Edad Media” (*Historia básica del arte escénico*). A escenografía estrutúrase ao redor do carro do xograr, que se transformará en “retablo” de monicreques, de onde han a xurdir os personaxes do espectáculo. Carlos Alba achega á montaxe a súa experiencia en diversos xéneros que, ao se unificar na súa proposta escénica, dan un toque diferenciado ao seu traballo persoal: o teatro, a xograría e a narración oral. Engádese a isto o traballo cos monicreques, do cal se ocupan dous auténticos especialistas no xénero: Alexander e Olga Curcic, de Teatro Plus. No aspecto musical, introdúcese a guitarra barroca, baixo a mestría de Noemí G. Sagüillo. Coas mesmas, a obra “As galochas baleiras” sitúase na liña interpretativa do espectáculo unipersonal, teatral e de monicreques, con base na xograría, dirixido ao público familiar.

Algúns obxectivos e contidos pedagóxicos

- * Ofrecer ferramentas cognitivas e imaxinativas para que os nenos/ as enfronten as contradicións do mundo contemporáneo e teñan unha visión crítica delas.
 - * Servir de introdución á tradición escénica da xograría como fonte da que remanece o teatro, como un actor só que conta unha historia e interpreta varios personaxes
 - * Análise implícita da confianza como base do comportamento humano e do progreso persoal.
 - * A fidelidade aos recordos da infancia como fonte de felicidade ao longo da vida.
 - * Análise das diferenzas sociais nesta e noutras sociedades.
-

A compañía

Carlos Alba, tamén coñecido como *Cellero* (o seu alcuño familiar), forma unha compañía especializada en traballos unipersonales de teatro narrativo, xografía e monólogo, dirixidos a todo tipo de público, mesmo adulto mesmo infantil. Carlos Alba ten escrito, adaptado e interpretado varias decenas de espectáculos desde hai máis de vinte anos. Con “Xan Soldado”, obra de actor e monicreques, conseguiu o premio FETEN 2015 á mellor adaptación do texto, e con “Llázaro de Tormes” o I Premio Nel Amaro do teatro profesional en asturiano y galego-asturiano en 2017. Tamén recibiu varios premios como autor de monólogos (o “Pepe Campo” en tres edicións) e como narrador oral (Tierras del Torío en 2013). No campo dos “contacontos” ten propostas para público infantil, bebés, adultos, mozos e persoas maiores, procurando sempre manter vivo o fío coa tradición oral e a lingua popular. É membro de AEDA (Asociación de Profesionais da Narración Oral en España). Estudou Interpretación en “Réplika. Academia del Actor”, e xornalismo na facultade de Ciencias de la Información da Universidad Complutense de Madrid.

Dirección escénica: Alexander Curcic /
Deseño e realización de monicreques: Olga Zeceva Curcic

Alexander Curcic, actor e director serbio, formouse na Academia Nacional de Teatro e Cinema en Sofía, Bulgaria, na especialidade de teatro de monicreques. Con Olga Zeceva Curcic, fundou Teatro Plus en 1997. Desde entón dirixiu máis de vinte espectáculos. Olga Zeceva Curcic é creadora dos monicreques dos espectáculos de Teatro Plus. Ademais do teatro, participa en varias producións de televisión en Bulgaria e Asturias como manipuladora de monicreques. Ademais de España, Teatro Plus ten traballado en festivais de Bulgaria, Serbia, Bélxica, Eslovenia, Montenegro, Rusia, Taiwan, China e Turquía.









